



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 29-2012

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE 1000 METROS RUTA BENXAMIN, ALEVIN E INFANTIL

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE MILLA EN RUTA CATEGORIAS CADETE,

XUVENIL, JUNIOR, PROMESA, SENIOR E VETERAN

II MILLA URBANA CONCELLO DE PADRON 2012

Padrón, domingo 6 de Maio ás 10:30 horas.

Art.1) O domingo 6 de Maio terá lugar o **Campionato Galego de 1000 metros en ruta benxamín, alevín e infantil e o Campionato Galego absoluto de milla en ruta das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa e veterán**. O campionato terá lugar nun circuito homologado pola Real Federación Española de Atletismo na localidade de Padrón (canal de derivación do río Sar). Conxuntamente celebrarase a **II Milla Urbana do Concello de Padrón 2012**. O evento estará organizado pola **Concellería de Deportes de Padrón** e a **Federación Galega de Atletismo** a través da súa **Delegación en Santiago de Compostela**.

Art.2) Poderán participar nos Campionatos Galegos todos aqueles atletas das categorías **benxamín** (2003/04), **alevín** (2001/02), **infantil** (1999/2000), **cadete** (1997/98), **xuvenil** (1995/96), **junior** (1993/94), **promesa** (1990/91/92), **senior** (1989 ata <35 anos) e **veterán** según categorías oficiais federadas que se atopen en calqueira das seguintes condicións*:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/12) por algún Clube pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola **F.G.A.**, aínda que pertencen a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

A maiores celebraranse fora dos Campionatos Galegos de 1000 m e milla en ruta, unha proba **prebenxamín** (atletas do 2005 e posteriores) e unha **milla popular** na cal poderán participar todos os atletas sen licenza federativa ou aqueles que a posúan e non desexen tomar parte no Campionato Galego. Nas probas benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil dos Campionatos Galegos poderán participar conxuntamente atletas que non posúan licenza federativa pero non poderán optar ás medallas do Campionato Galego.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**

caixanova 

PROVEEDOR

 **Centro de Especialidades Médicas
Hospital Santa Teresa
A Coruña**



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da F.G.A. www.atletismogalego.org con data límite o mércores día **2 de Maio** ás 20:00 horas. Tamén poderán enviar as inscricións de escolares (de prebenxamín a xuvenil) e da milla popular masculina e feminina ao correo electrónico deportes@concellodepadron.es (teléfono de información **627 008 584 / 699 926 983**) incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licenzia ou seguro escolar, localidade de procedencia e teléfono ou correo electrónico de contacto.

Art.4) Os atletas, deberán confirmar a súa participación ata 30 minutos antes do comezo da súa proba na secretaría de competición ubicada no circuito onde poderán recoller o seu dorsal. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados en cada unha das categorías así como na clasificación absoluta da carreira junior, promesa e senior recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

En todas as probas o Concello de Padrón outorgará medalla os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada proba por categoría e sexo sexan ou non federados e coincidan ou non cos medallistas dos Campionatos Galegos.

Art.6) O horario das probas será o seguinte:

10:30 h.	Prebenxamín mixto
10:40 h.	1000 metros: benxamín-alevín masculino
10:50 h.	1000 metros: benxamín-alevín feminino
11:00 h.	1000 metros: infantil masculino
11:10 h.	1000 metros: infantil feminino
11:20 h.	1609 metros (milla): cadete e xuvenil masculino
11:35 h.	1609 metros (milla): cadete e xuvenil feminino
11:50 h.	1609 metros (milla): Absoluta (junior, promesa e senior masculino)* ¹
12:10 h.	1609 metros (milla): Absoluta (junior, promesa e senior feminino)* ¹
12:30 h.	1609 metros (milla): veteranos masculino
12:50 h.	1609 metros (milla): veteranos feminino
13:05 h.	Milla Popular masculina (junior, promesa, senior e veteranos)
13:20 h.	Milla Popular feminina (junior, promesa, senior e veteranos)

**1 Nesta milla poderán participar os atletas veteranos que o desexen, optando á clasificación absoluta.*

Todos os participantes deberán pasar obrigatoriamente pola Cámara de Chamadas 15 minutos antes da súa proba.

A Organización resérvase a posibilidade de modificar as carreiras segundo a participación, podendo agrupar dúas carreiras ou desdobrar unha en dúas.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**

caixanova

PROVEEDOR

USP Centro de Especialidades Médicas
Hospital Santa Teresa
A Coruña




Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.7) Plano de situación das probas



Art. 8) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 18 de abril de 2012

PATROCINADORES
OFICIAIS

PROVEEDOR

caixanova

USP Centro de Especialidades Médicas
Hospital Santa Teresa
A Coruña